

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA**

*ANUNCIO do 22 de outubro de 2018 polo que se convoca o proceso selectivo para a contratación dun/dunha titulado/a superior (técnico/a I), mediante un contrato por obra ou servizo de duración determinada, para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado Dairy for Future (D4F). Ref. Interreg Atlantic Area EAPA\_304/2016.*

No taboleiro de anuncios do Instituto Galego da Calidade Alimentaria e na súa web [http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion\\_e\\_formacion/instituto\\_galego\\_da\\_calidade\\_alimentaria/documentacion/persoal/](http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/) aparecen integramente publicadas as bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a I mediante a modalidade contractual para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica regulado na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos traballadores modificado polo Real decreto lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima, pola Lei 14/2011 e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Proxecto que se vai desenvolver: *Dairy for Future (D4F). Ref. Interreg Atlantic Area EAPA\_304/2016.*

O prazo de presentación das solicitudes será de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no dito enderezo electrónico e no taboleiro de anuncios do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Manuel Rodríguez Vázquez  
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

